

## **CIRCULAR 29-2016**

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os assembleistas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

### **CAMPIONATO DE GALICIA DE MILLA E 1KM EN RUTA**

Paseo Marítimo de Sada, 10 de Abril do 2016

**Art.1)** O domingo 10 de abril terá lugar o Campionato de Galicia de 1km en ruta benxamín, alevín, infantil e cadete e o Campionato de Galicia absoluto de milla en ruta e das categorías xuvenil, junior, promesa e veterán. O campionato terá lugar nun circuito homologado pola Real Federación Española de Atletismo na localidade de Sada. O evento estará organizado polo Club Atletismo Sada e a Federación Galega de Atletismo a través da súa Delegación en A Coruña.

**Art.2)** Poderán participar todos atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2015/16) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

*\*Segundo acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estean nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.*

**Art.3)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 5 de abril do 2016.**

**Art.4)** Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo da proba, segundo o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

**Art.5)** Os atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas até 15 minutos antes da saída da súa proba. Unha vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta agás casos debidamente xustificadas.

**Art.6)** Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

**Art.7)** Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

### Art.8) Horario (provisional):

10:00	- Campeonato de Galicia Milla veterán feminino, W 35 e superior.
10:15	- Campeonato de Galicia Milla veterán masculino M-35-40
10:30	- Campeonato de Galicia Milla veterán masculino M-45 e superior.
10:45	- Milla popular feminina, (1999 y anteriores).
11:00	- Milla popular masculina, (1999 y anteriores)
11:15	- Campeonato de Galicia Absoluto de Milla feminino, 2000 y anteriores.
11:30	- Campeonato de Galicia Absoluto de Milla masculino 2000 y anteriores.
11:45	- Campeonato de Galicia 1km cadete masculino, (2001-2002).
11:55	- Campeonato de Galicia 1km cadete feminino, (2001-2002).
12:05	- Campeonato de Galicia 1km infantil masculino, (2003-2004)
12:15	- Campeonato de Galicia 1km infantil feminino, (2003-2004)
12:25	- Campeonato de Galicia 1km alevín masculino, (2005-2006)
12:35	- Campeonato de Galicia 1km alevín feminino, (2005-2006)
12:45	- Campeonato de Galicia 1km benxamín masculino, (2007-2008)
12:55	- Campeonato de Galicia 1km benxamín feminino (2007-2008)
13:05	- Categoría Pre-benjamín,(2009-2010), 350 metros
13:15	- Categoría Biberón,(2011-2012), 100 metros
13:20	- Categoría Pre-biberón, (2013-2014-2015) 100 metros

### Art.9) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnica@fgatletismo.com)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -  
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>  
- 15008 - A CORUÑA



do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, puidendo ser esta denegada.

**Art.10)** Todo o non disposto neste regulamento resolverase, por esta orde, pola normativa da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)  
A Coruña, a 11 de Marzo de 2016

